




# Concello da Coruña

Area / Unidade XESTION DE DEPORTES DJ1000 AFF	Documento 21118I005C	
Código de verificación  312A 2D1C 4E0B 6V2G 03TS	Expediente 211/2023/598	
	Data 10-01-2024	

## ACTA DA 4ª MESA DA PRÓRROGA DA CONVOCATORIA DE USOS AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DESTINADAS A ACTIVIDADE FÍSICA E ADESTRAMENTOS. TEMPADA 2023/2024

No Palacio dos Deportes de Riazor, sendo as 9:00 horas do día 10 de xaneiro de 2024, están presentes na MESA DE AVALIACIÓN da Prórroga as seguintes persoas

- Presidencia: Pablo Castedo López, xefe do Servizo Municipal de Deportes
- Vogais:
  - Antonio Pedraz Pollo, director de instalacións deportivas
  - Pablo Chacón Souto, técnico superior de deportes
  - Alexandre Fernández Fernández, técnico superior de deportes
- Secretaría: Juan José Gómez Cortés, administrativo

A Mesa réúnese para atender os seguintes

### ASUNTOS

#### 1. Infrutilización de instalacións

Constatada a infrutilización de instalacións por parte de nove entidades beneficiarias da Prórroga, na 3ª Mesa acordouse trasladarles por escrito este incumprimento das condicións de uso para que formulasen as alegacións que considerasen oportunas, atendendo aos puntos 10.g e 11 das bases reguladoras da convocatoria.

Realizada a notificación a estas entidades o 12.12.2023, e transcorridos os prazos correspondentes, só se produciu a seguinte ALEGACIÓN

- IBS PADRE RUBINOS

Estimase a alegación, na que xustifican a infrutilización da instalación pola baixa laboral do profesional responsable da actividade, posto que ademais se comproba que retomaron o uso dende a mesa anterior. En consecuencia, manterán o horario concedido no Polideportivo Municipal Labañou, os luns de 17:00 a 18:00.

Por outra banda, producíronse as seguintes RENUNCIAS das entidades notificadas (especificanse os usos no punto 2 desta acta)

- ATHLETIC CORUÑA HOCKEY CLUB
- CLUB BASQUET CORUÑA SAD

Dado que o resto das entidades notificadas non realizaron alegación ou renuncia algunha, en base ao punto 10.g das bases reguladoras da convocatoria, acórdase informar á Concellaría de Deportes para que dite as seguintes PERDAS DE DEREITO AO USO

- COMITE CIUDADANO ANTISIDA DE A CORUÑA (CASCO)
  - PM Novo Mesoiro: luns a venres de 10:00 a 11:00
- CD INSTITUTO ZALAETA
  - PM Barrio das Flores: martes de 18:00 a 19:00 e venres de 18:00 a 19:00
- CD PF VOLEIBOL CALASANCIAS
  - PM Sagrada Familia: luns a xoves de 18:00 a 19:00
- EMDEM FUTBOL SALA
  - PM San Francisco Xavier: venres de 18:00 a 19:00
- EX-ALCOHOLICOS MORAS
  - PM San Francisco Xavier: xoves de 23:00 a 24:00
- FUTBOL SALA CLUB OS MAIORES
  - PM Barrio das Flores: martes de 16:00 a 17:00

## 2. Renuncias

Acéptanse as seguintes renuncias de entidades con usos asignados nas instalacións deportivas municipais

- ATHLETIC CORUÑA HOCKEY CLUB
  - PM Novo Mesoiro: luns de 16:00 a 18:00
  - PM Labañou: xoves de 16:00 a 18:00
- CLUB BASQUET CORUÑA SAD
  - PM Sagrada Familia: xoves de 18:00 a 19:00
- CORUÑA ARBOCO CF
  - CMF Zapateira: martes de 20:00 a 22:00
- CLUB SILVA SD
  - PM Labañou: martes de 22:30 a 24:00

## 3. Solicitudes de uso

- CLUB DE FUTBOL BATALLADOR  
Estímase a solicitude do seguinte uso
  - CMF Visma: medio campo 2, luns de 17:00 a 18:00
- CLUB SILVA SD  
Estímase a solicitude do seguinte uso
  - PM San Francisco Xavier, martes de 23:00 a 24:00
- CORUÑA ARBOCO CF  
Non procede a estimación da solicitude de uso do CMF Eirís, posto que actualmente está pechado por obras de reforma integral e, en consecuencia, non se atopa aínda entre as instalacións ofertadas polo SMD.
- CHAVEIR@S DA TORRE  
Trátase dunha entidade de nova creación que non achega a documentación requirida na Convocatoria, agás a declaración responsable. En consecuencia,



## Concello da Coruña

non procede a avaliación da súa solicitude mentres non complete a dita documentación.

- INCLUBASQUET  
Trátase dunha entidade de nova creación que non achega a documentación requirida na Convocatoria. En consecuencia, non procede a avaliación da súa solicitude mentres non complete a dita documentación.
- TRIATLON ATLANTICO  
Estímase a solicitude dos seguintes usos
  - Piscina da CD Riazor, estaxe 4: luns, mércores e venres de 14:30 a 15:45
  - Piscina da CD Riazor, estaxe 4: mércores e xoves de 21:30 a 22:30
  - Sala musculación B do Palacio dos Deportes: martes e xoves de 14:30 a 15:45
  - Sala musculación B do Palacio dos Deportes: martes e xoves de 21:00 a 22:15Non se atenden o resto de solicitudes da entidade por non estaren dispoñibles as instalacións en cuestión.

Sendo as 11:30 horas, levántase a sesión estendendo a presente acta para a súa constancia.

O secretario  
Juan José Gómez Cortés

O presidente  
Pablo Castedo López

O vogal  
Antonio Pedraz Pollo

O vogal  
Pablo Chacón Souto

O vogal  
Alexandre Fernández Fernández